



INTERNET



Internet aparece por primeira vez en California no 1969. Inclúe aproximadamente 5000 redes en todo o mundo.

Moitas persoas teñen internet privado, pero tamén está dispoñible en moitos lugares públicos, como bibliotecas, hoteis, cibercafés... Unha nova forma de acceder sen necesidade dun posto fixo son as redes inalámbricas, hoxe presentes en aeroportos, universidades ou poboacións enteiras.

Internet ten un impacto profundo no traballo, o lecer e o coñecemento. Millóns de persoas teñen acceso fácil e inmediato a unha extensa e diversa cantidade de información, moita máis que as enciclopedias ou as bibliotecas tradicionais. Dende unha perspectiva cultural, para as persoas que están interesadas noutras culturas, é unha vantaxe, xa que lles proporciona unha boa cantidade de información.

Na actualidade existen moitas empresas que viven da publicidade en internet, como tamén nos informan dos novos produtos que podemos adquirir.

Antes, internet servíanos para un obxectivo claro, navegabamos para algo moi concreto, pero hoxe en día témolo como unha diversión, para intercambiar ideas, coñecer persoas, costumes... Representa boa parte do lecer: para a industria dos videoxogos, descargar música, películas, obter información da actualidade, previsións meteorolóxicas...

Tamén serve de gran axuda no traballo: permite unha maior rapidez, nos foros os traballadores poden intercambiar opinións sobre os seus empregos, xefes e compañeiros...

É importante citar que, como moitas outras cousas, internet tamén ten aspectos negativos. Por exemplo, ao descargar música, nós beneficiámonos, pero prexudicamos á industria da música. Así como, se obtemos toda a información en internet e non nos relacionamos con outras persoas nin buscamos outros medios para obtela. Tamén, algo moi común é illarse a maior parte do tempo en internet e pensar que o é todo e non darse conta de que o máis importante é a vida real.

En conclusión, internet sérvenos para mellorar moitos aspectos da nosa vida, pero tamén pode perxudicala nalgúns sentidos.

IRIA ARIAS, LUCÍA MEJUTO
NATALIA PENAS, SONIA CORDIDO, BIC.

SUÍZA



Halo liebe mitmenschen, Hie geht es euch? (Ola querida xente, Que tal estades?) foi escrito en alemán.

Ben, eu chámome Ángela Guntín Zavaleta e nacín en Suíza. Eu vouvos traer un pouco de Suíza nesta revista, vouvos contar como é a cultura e a xente nese país.

Eu veño exactamente da parte alemá de Suíza. A xente alá é un pouco máis "libro cerrado" cós galegos, co que quero dicir que non se parecen.

A educación e a cultura nas familias grandes é moi importante e tamén na xente en xeral. Se unha persoa non é moi educada nese país, non vai ser moi ben aceptada, dicíndoo máis claro, vai ser ignorada.

Os montes alá son moi verdes, pero non tanto como en Galicia. No inverno caen moitas capas de neve, digamos que parece o Polo Norte.

O que me parece negativo en Suíza é que a xente é moi racista. O positivo é que a xente alá ten moita educación.

Ben, despídome. Saúdos

ÁNGELA GUNTÍN ZAVELETA